

2. Que papel representa o sector primario na UE?

Un sector minoritario na Unión Europea...

Actualmente, o sector primario ten pouco peso na Unión Europea, pois tan só achega o **1,3% ao PIB comunitario e emprega o 4,4% da súa poboación ocupada**.

Porén, o sector primario é clave no desenvolvemento e abastecemento das industrias agroalimentarias da Unión Europea, que xunto con este sector, producen bens por valor de 418 000 millóns de euros. Polo que a súa achega conxunta ascende ao 6% do PIB comunitario e xera 46 millóns de postos de traballo.

A isto hai que engadir que a UE é o maior importador mundial de alimentos e un dos maiores exportadores (fundamentalmente aos Estados Unidos).

... regulado por unha Política Agraria Común...



Os Estados da UE comparten políticas comunitarias en relación co sector primario. A **Política Agraria Común (PAC)** concede axudas ás explotacións agrarias, en especial as que desenvolven prácticas agrícolas sustentables, e teñen como obxectivos prioritarios:

- Garantir unha subministración segura de alimentos de calidade a prezos accesibles para máis de 500 millóns de europeos.
- Axudar a combater o cambio climático e preservar os nosos recursos naturais.
- Conservar a diversidade e a vitalidade da agricultura europea.

... e unha Política Pesqueira Común

Pola súa parte, a **Política Pesqueira Común (PPC)** pretende que a pesca sexa sustentable, garanta alimentos de boa calidade e asegure un nivel de vida xusto para as comunidades pesqueiras. Para iso, promóvense as boas prácticas medioambientais, establécense cotas que limitan as capturas nos caladoiros e foméntase a acuicultura.

A poboación europea ocupada na agricultura da UE no 2019




As mulleres lideran a diversificación de cultivos en Europa

tiching.com/786143



O valor da produción agraria na UE no 2019



Observe e analizo

5. Que importancia ten o sector primario na Unión Europea?
6. Segundo o mapa de ocupación na agricultura da UE, en que países da Unión ten maior peso este sector? A que cres que se debe?
7. Como intervéñ a UE na política agraria? Que obxectivos persegue?

Contrasto fontes

8. Observa o mapa sobre o comercio agrícola da Unión Europea:
 - Que rexións importan máis produtos agrícolas procedentes da Unión Europea?
 - A que rexións exporta a UE unha maior cantidade de produtos agrícolas?